



**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN RESULTANTE DAS
ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 28 DE MAIO DE 2023
(SESIÓN DE DATA 17 DE XUÑO DE 2023)**

En Camariñas, sendo as 12:00 horas do día **dezasete de xuño de dous mil vintetres** no Salón de Sesiões da Casa do Concello, reúnen-se en sesión pública ao obxecto de proceder á constitución da nova Corporación e a elección da Alcaldía, en cumprimento do establecido nos arts. 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e o art. 37 RD 2.568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os/as Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o pasado día vinte e oito de maio de dous mil vinte tres, segundo a acta de proclamación de candidatos/as electos/as emitida pola Xunta Electoral de Zona de Corcubiión, con data 2 de xuño de 2023, que seguidamente se relacionan.

Concelleiros/as proclamados/as electos/as presentes:

- 1.- Dna. Sandra Insua Rial.
- 1.- Dna. Sandra Insua Rial.
- 2.- D. Fabian Canosa Pasantes
- 3.- Dna. Encarnación Liñeiro Pouso
- 4.- D. Sergio Caamaño Fernández
- 5.- Dna. Begoña Tajés Mendez
- 6.- D. Germán Camiño Mouzo
- 7.- D. José Francisco Carril Ageitos
- 8.- Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño
- 9.- Dna. Paula Mouzo Mas
- 10.- D. Juan Carlos Amado Sambade
- 11.- D. Manuel Mejuto Rios
- 12.- Dna. Marta M^a Mouzo Pose
- 13.- D. Xurxo Manuel Rodríguez Baña

Actúa como Secretaria a da Corporación, Dna. M^a Lourdes Castro Pena, asiste a Interventora, Dna. María Emilia García Maneiro.

A secretaria da Corporación inicia a sesión manifestando que o obxecto da mesma é a constitución da nova Corporación de Camariñas e elección da persoa que ocupará a Alcaldía, de acordo co establecido nos art. 195 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e art. 37 do RD 2.568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais.

Pola secretaría dáse conta da acta de proclamación de candidatos/as electos/as emitida pola Xunta Electoral de Zona de Corcubiión con data 2 de xuño de 2023, presidida por Raquel López López, da que se desprende que foron proclamados/as concelleiros/as os/as seguintes:

Pola candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español.

- 1.- Dna. Sandra Insua Rial.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- 2.- D. Fabian Canosa Pasantes
- 3.- Dna. Encarnación Liñeiro Pouso
- 4.- D. Sergio Caamaño Fernández
- 5.- Dna. Begoña Tajés Mendez
- 6.- D. Germán Camiño Mouzo
- 7.- D. José Francisco Carril Ageitos
- 8.- Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño

Pola candidatura do Partido Popular.

- 1.- Dna. Paula Mouzo Mas
- 2.- D. Juan Carlos Amado Sambade
- 3.- D. Manuel Mejuto Rios
- 4.- Dna. Marta M^a Mouzo Pose

Pola candidatura do Bloque Nacionalista Galego.

- 1.- D. Xurxo Manuel Rodríguez Baña

Constitución da Mesa de Idade.

A Secretaria: "A continuación de conformidade co establecido no art. 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, constituirase a Mesa de Idade integrada polos/as electos/as presentes de maior e menor idade, que resultan ser respectivamente, D. Manuel Mejuto Rios que actuará como presidente e D. Fabián Canosa Pasantes, que actuará como vocal, actuando eu a secretaria xeral da Corporación, Dna. M^a Lourdes Castro Pena, como secretaria da Mesa".

Comprobación das credenciais.

A Secretaria: "Fago constar que recibín da Xunta Electoral de Zona de Corcubión acta de proclamación de candidatos/as electos/as".

A Mesa procede á comprobación das credenciais presentadas e as acreditacións de personalidade dos/as electos/as presentes, con base ás certificacións remitidas pola Xunta Electoral de Zona, encontrando as mesmas conformes.

Cumprimento dos requisitos para a toma de posesión dos cargos de Concelleiros/as.

A Secretaria que subscribe a presente acta dá lectura á dilixencia estendida, dando conta de que a totalidade dos/das Concelleiros/as electos/as teñen formulado ante a Secretaría a declaración sobre causas posibles de incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos e declaración sobre bens patrimoniais e a participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, de conformidade e en cumprimento do previsto nos art. 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Acto seguido e para dar cumprimento ao establecido no art. 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, indícase aos/ás Concelleiros/as proclamados/as electos/as, que se vai dar lectura á fórmula de xuramento ou promesa establecida polo Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas,



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

sinalándose que á mesma se debe de contestar cunha simple afirmativa: “Si, xuro” ou “Si, prometo”.

A secretaria: “Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro ou Concelleira da Corporación con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución Española como norma fundamental do Estado?”

Pola orde reflectida ao continuación, que é a que figura na acta de proclamación de electos/as da Xunta electoral de zona de Corcubión, chámase aos/ás Concelleiros/as proclamados/as electos/as presentes ao obxecto de que individualmente contesten/ formulen o preceptivo xuramento ou promesa, así:

Dna. Sandra Insua Rial: “Si, prometo”.
D. Fabián Canosa Pasantes: “Si, prometo”.
Dna. Encarnación Liñeiro Pouso: “Si, prometo”.
D. Sergio Caamaño Fernández: “Si, prometo”.
Dna. Begoña Tajés Méndez: “Si, prometo”.
D. Germán Camiño Mouzo: “Si, prometo”.
Dna. José Francisco Carril Ageitos : “Si, prometo”.
Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño: “Si, prometo”.
Dna. Paula Mouzo Mas: “Si, prometo”.
D. Juan Carlos Amado Sambade: “Si, prometo”.
D. Manuel Mejuto Rios: “Si, xuro”.
Dna. Marta M^a Mouzo Pose: “Si, prometo”.
D. Xurxo M. Rodriguez Baña: “Mantendo na memoria ao meu pai e aos meus avós, mantendo o espírito das Irmandades da Fala de ser un dos Bos e Xenerosos, respectando o imperativo legal, si prometo.”

Constitución da Corporación.

Realizados os trámites anteriores e comprobado que concorren a sesión a maioría absoluta dos/as Concelleiros/as electos/as o Presidente da Mesa de Idade di: “Comprobado que concorren á sesión a maioría absoluta dos/as Concelleiros/as electos/as declaro constituída a Corporación do Concello de Camariñas de conformidade co establecido no art. 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral”.

Elección do/a Alcalde/Alcaldesa

Acto seguido o Presidente da Mesa de Idade: “Vaise proceder á elección do/da Alcalde/Alcaldesa, poden ser candidatos/as os/as Concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas.

Quen son os/as Concelleiros/as que se postulan como candidatos/as ?”

Resultandao que se presentan os/as seguintes cabezas de lista:

Dna. Sandra Insua Rial
Dna. Paula Mouzo Mas
D. Xurxo Manuel Rodriguez Baña

A Presidencia da Mesa de Idade antes do inicio da votación expón en termos claros é precisos os seus termos, sinalando que a elección se realizará polo sistema ordinario, empezándose polo/a candidato/a do partido que obtivo mais Concelleiros/as.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Así efectuada a votación obtense o seguinte resultado:

Votos a favor do candidata, Dna. Sandra Insua Rial, oito (8, Sra. Insua Rial, Sr. Canosa Pasantes, Sra. Liñeiro Pouso, Sr. Caamaño Fernández, Sra. Tajés Méndez, Sr. Camiño Mouzo, Sr. Carril Ageitos e Sra. Barbeira Fandiño).

Votos a favor do candidata, Dna. Paula Mouzo Mas, catro (4, Sra. Mouzo Mas, Sr. Amado Sambade, Sr. Mejuto Rios e Sra. Mouzo Pose).

Votos a favor do candidato, D. Xurxo M. Rodriguez Baña, un (1, Sr. Rodriguez Baña)

O Presidente da Mesa de Idade: "Visto o resultado da votación queda proclamada Alcaldesa electa Dna. Sandra Insua Rial, ao abeiro do establecido no art. 196 b) da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral".

A continuación Dna. Sandra Insua Rial, a instancia da Presidencia da Mesa de Idade, manifesta a súa expresa aceptación do cargo de Alcaldesa para a que foi elixida.

O Presidente da Mesa de Idade indica que a Alcaldesa electa debe formular xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

Dna. Sandra Insua Rial: "Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcaldesa do Concello de Camariñas con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución Española como norma fundamental do Estado."

Cumpridos todos os requisitos legais, Dna. Sandra Insua Rial toma posesión do cargo de Alcaldesa e pasa a presidir a sesión, séndolle entregado o "bastón de mando" polo presidente da Mesa de Idade, Sr. Mejuto Rios.

Acto seguido a **Sra. Alcaldesa-Presidenta** toma a palabra e a continuación di: " Moi bos días a todas e a todos,

Hoxe, neste solemne acto de investidura, quero comezar dando as grazas de corazón a todas as persoas que depositaron a súa confianza en min e no noso proxecto para Camariñas. Os votantes, grazas polo voso apoio e por permitirme ser a súa alcaldesa unha vez máis. Prometo traballar sen descanso para cumprir as súas expectativas e para facer de Camariñas un lugar mellor para vivir.

Tamén quero dirixirme á oposición presente neste salón. Sei que temos diferenzas políticas e puntos de vista distintos, pero estou convencida de que, en beneficio do noso concello e dos nosos veciños, podemos atopar puntos de encontro e traballar xuntos. A discrepancia é saudable e enriquecedora para a democracia, pero tamén debemos lembrar que o noso obxectivo común é o benestar da nosa comunidade. Conto con vós para construír unha Camariñas máis forte e próspera.

Non quero esquecerme de expresar o meu agradecemento aos meus compañeiros do grupo de Goberno e a toda a lista que me acompañou nesta loita. Sen o voso traballo, dedicación e compromiso, este momento non sería posible. Sodes un equipo excepcional e estou orgullosa de compartir este proxecto coa vosa valía e talento. Xuntos, temos a



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

responsabilidade de liderar o noso concello e estou convencida de que o faremos con éxito.

Ao mirar arredor deste salón de plenos, atopámonos con importantes símbolos da historia de Camariñas. Alí están os cadros dos catro alcaldes da democracia que nos precederon: Don Jesús Ramos Fuentes, Bautista Santos, recentemente falecido, e Pichurri. Hoxe, quero render homenaxe a cada un deles pola súa dedicación ao servizo público e polo legado que deixaron na nosa vila. Bautista Santos, en particular, merece unhas palabras especiais para recordar a súa contribución á nosa comunidade. O seu exemplo de entrega e compromiso será sempre un faro que iluminará o noso camiño.

Asumo a responsabilidade de guiar os destinos de Camariñas cunha profunda humildade e compromiso. O noso concello ten un enorme potencial e unha rica historia que nos enche de orgullo. Camariñas, co seu mar, as súas praias, a tradición do encaixe e a nosa xente, amable e xenerosa, é un lugar único que merece o noso maior esforzo.

Traballaremos para fomentar un desenvolvemento económico sostible, protexer e preservar o noso entorno natural, promover a cultura e o turismo, e asegurarnos de que os servizos e as infraestruturas atenden ás necesidades dos nosos veciños.

Camariñas é un conxunto de miradas, de historias entrelazadas, e hoxe comeza un novo capítulo nesta historia colectiva. Un capítulo no que a participación cidadá, o diálogo e a transparencia serán as pautas do noso goberno.

Xuntos, veciños e veciñas, grupos políticos, traballadores do Concello e asociacións, construiremos un Camariñas no que cada persoa se sinta valorada e onde todas as voces teñan a oportunidade de ser escoitadas. Xuntos, crearemos un futuro brillante para o noso concello.

Un futuro no que loitaremos para que os proxectos e ideas que temos para Camariñas se fagan realidade: o Museo dos Naufraxios, que será único en Galicia, a segunda fase das obras da Ponte do Porto, a recuperación e mellora da Casa de Man en Camelle, a continuación do saneamento en Xaviña... E moitos máis que, co apoio de todas e todos os que hoxe estamos aquí, estamos seguros de que sairán adiante.

Grazas a todas e a todos. Sigamos adiante, traballando ombro con ombro, para facer de Camariñas un lugar onde os soños se fagan realidade.

Moitas grazas."

A Concelleira, Sra. Mouzo Mas: "Felicitar a alcaldesa e voulle desexar moitos acertos, traballo e organización, vimos para defender os intereses dos veciños e facer unha oposición respetuosa. Agradecer o voto a quen no lo dou".

O Concelleiro, Sr. Rodríguez Baña: "Respetando o mandato do veciño, seremos responsables, firmes e vixiantes de que cómpres coas túas palabras, cunha oposición firme e leal".

Dación de conta do estado da tesourería e do inventario de bens

Dáse lectura por esta secretaria á acta de arqueo asinada polos tres claveros, así como á conciliación.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Dáse lectura por esta secretaria á dilixencia relativa ao inventario de bens, estendida por min.

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantalas, sendo as 12:22 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

A ALCALDESA

Asd. Sandra Insua Rial

A SECRETARIA

Asd. M^a Lourdes Castro Pena